Libros

Texto: **Henrique Neira**
Foto: **Antonio Hernández**

XOSÉ LÓPEZ E XOSÉ PEREIRA COORDINAN UN VOLUME QUE SUPÓN UN FITO NESTES ESTUDOS

XOSÉ PEREIRA, ESQUERDA, E XOSÉ LÓPEZ, NUNHAS XORNADAS CELEBRADAS NO CONSELLO DA CULTURA GALEGA EN ABRIL

Sobre a comunicación e a converxencia dixital

A Universidade de Santiago acaba de publicar 'Convergencia digital. Reconfiguración de los medios de comunicación en España', un libro colectivo que achega reflexións de numerosas persoas expertas na análise do sector, agrupadas na rede de investigadores Infotendencias. Coordinan a obra Xosé López García e Xosé Pereira Fariña.

Ramón Salaverría, José Alberto García Avilés e Pere Masip Masip estudan no volume ó longo de algo máis de 20 páxinas o concepto de converxencia xornalística, e tras explorar as distintas definicións e xeitos nos que se aplican conclúen establecendo unha a modo de resumo (traducimos): "A converxencia xornalística é un proceso multidimensional que, facilitado pola implantación xeneralizada das tecnoloxías dixitais de telecomunicación, afecta ó ámbito tecnolóxico, empresarial, profesional e editorial dos medios de comunicación, propiciando unha integración de ferramentas, espazos, métodos de traballo e linguaxes anteriormente disgregadas, de forma que os xornalistas elaboran contidos que se distribúen a través de múltiples plataformas, mediante as linguaxes propias de cada unha".

No volume achégase a metodoloxía de análise para descubrir en que grao se cumpren nun medio de comunicación os criterios de converxencia e partir desa metodoloxía estudáronse os medios pertencentes a catro grandes grupos de comunicación, cuns resultados que amosan que a aplicación dos criterios de converxencia está aínda nos seus primeiros pasos e que son aínda poucos os medios que se aproveitan en boa medida das posibilidades de difusión de contidos que en teoría supón.

O FENÓMENO DA CONVERXENCIA DIXITAL ESTÁ A CAMBIAR O XEITO NO QUE TRABALLAN OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Moisés Limia, Xosé López e Xosé Pereira apuntan no capítulo '15 años de cibermedios en España' que "a realidade dos medios de comunicación se caracteriza polo seu carácter convulso, pola mutabilidade, pola alteración perpetua característica do magmático e inestable ecosistema comunicativo" e "pola devandita complexidade inherente á nosa rama do saber resulta imposible a consecución dunha fotografía convencional, dun retrato canónico dos medios e a converxencia". Por iso, "optamos por presentar unha fotografía en movemento; isto é, unha visión poliédrica, con moitas arestas, provista de múltiples interpretacións, algunhas delas contrapostas (cando menos en aparencia). Aí se encontra a dificultade engadida e a riqueza formidable do estudo dun fenómeno complexo como é a converxencia".

Concepto, estudo, casos e conclusións son as catro partes nas que se divide o libro, no que, como xa se nos anticipa na introdución, se amosa a evolución que se está a experimentar no sector.

A integración de redaccións, a distribución multiplataforma ou a converxencia de contidos son frases que cada vez soan máis no panorama da comunicación, no intento de manter ou ampliar audiencias, ou en todo caso de darlles un mellor servizo e pensando especialmente no futuro.

López, Pereira e Limia apuntan, neste sentido, que "aínda que todos os medios españois estudados coinciden na inevitabilidade do proceso converxente e na necesidade de adaptarse ó novo panorama, existen profundas diferenzas en canto ó seu estadio de avance no nacente paradigma comunicativo, as medidas adoptadas, previsións de futuro, etc.".

Por esta razón, establecen tres grupos dependendo do grao de implantación dos procesos converxentes: os que acadaron un certo desenvolvemento, os que están nun estado intermedio e os que polo de agora non conseguiron máis que unha escasa implementación dos novos xeitos de comunicar.

Mais, como nos lembran nas súas conclusións, "se ben as resistencias á converxencia e ós procesos converxentes continúan á orde do día, o certo é que nun prazo próximo todos os xornalistas necesitarán desenvolver un nivel básico de coñecemento das posibilidades que ofrece cada medio de comunicación. De modo crecente, os traballadores da información teñen que ser capaces –algúns xa o son hoxe en día– de achegar e publicar contidos en múltiples plataformas ou de colaborar con outras compañías para facelo".

MALIA QUE NON TODOS OS MEDIOS AVANZAN Á MESMA VELOCIDADE, A CONVERXENCIA PARECE SER O SEU DESTINO

Xa algunhas facultades e escolas de xornalismo están a desenvolver programas para o seu alumnado pensando precisamente na converxencia dixital, mais tamén será necesaria a rápida reciclaxe de moitos profesionais en activo.

Con todo, hai cousas negativas no proceso para os profesionais, lemos tamén nas conclusións: "explotación laboral, falta de regulación de dereitos de autor, redución de postos de traballo, etc". En canto ás empresas, "as reticencias dos medios tradicionais con internet e as novas tecnoloxías refírense fundamentalmente ós beneficios económicos (á ausencia destes) e á indefinición dun modelo de negocio diáfano. De aí que gran parte dos medios e grupos de comunicación de España se aferren ó papel e manteñan aínda suspicacias respecto da rede", pero conclúen os autores que deberán "amoldarse".